



*Revista Galega  
do Ensino*

*Ano 13 • 2ª época • Nº 46 • Xullo 2005*

# *Experiencias pedagógicas e informes*

---

*RGE*

# **A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NA LOCE. A REALIDADE DÍA A DÍA**

**Margarita Arufe Blanco**

**M<sup>a</sup> Laura Malvar Méndez**

**M<sup>a</sup> Isabel Seco Vicente**

Centro de Formación e Recursos de Santiago

## **RESUMO**

A LOCE, ¿E unha lei que resposta ás expectativas da comunidade educativa? Isto require unha profunda análise na que se tenta partir da realidade nas aulas, vistas dende a perspectiva dos que teñen a responsabilidade de ser os axentes interventores no proceso educativo (o profesorado).

O presente artigo centráse nunha pequena parcela dentro da inmensidade deste contexto “A atención á diversidade”; concepto actual que se puxo de moda coa LOXSE e que, segundo a nosa opinión, non deixa de ser unha utopía. Coa chegada da nova lei, pretendemos ver a realidade educativa, ou sexa se o alumnado con NEE ten resposta. Tamén nos interesa saber se o profesorado está preparado para asumir o novo perfil do docente. En resumo: ¿É a LOCE unha lei que ten en conta as necesidades dun alumnado heteroxéneo e as expectativas docentes? Ou o que é o mesmo ¿Estamos diante dunha lei que resolve as demandas da sociedade?

## **PALABRAS CLAVE**

Diversidade, respostas, realidade educativa, expectativas, lei.

## **1. A MODO DE INTRODUCCIÓN**

A atención á diversidade representou, sen dúbida, unha das pezas claves na anterior lei vixente en educación, a LOXSE (1990). O seu modelo educativo baseado en recoñecer a heteroxeneidade, as características individuais, os distintos ritmos de aprendizaxe, a integración do alumnado con necesidades educativas especiais fronte ao modelo que recoñece a homoxeneidade, os agrupamentos ríxidos e as programacións pechadas, abriulle moitas portas a un gran número de alumnas e alumnos.

Todos estamos de acordo en que a LOXSE supón a xeneralización dos servizos educativos a toda a poboación escolar, independentemente do seu contexto social, características individuais ou orixe cultural. Pola súa vez, a LOCE tamén considera entre as súas propostas a atención á diversidade do alumnado.

Neste contexto, se se ten en conta que xa pasaron trece anos dende que se introduce a atención á diversidade do alumnado, baixo o noso punto de vista, faise necesario un estudo e unha análise de como esta cuestión se ve reflectida na realidade escolar.

## **2. A VISIÓN DO PROFESORADO DA POSTA EN PRÁCTICA DAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Resulta conveniente coñecer a opinión dos/das docentes, xa que son, en definitiva, os protagonistas dos cambios e innovacións ¿Cal é o seu punto de vista sobre as cuestións referidas á integración do alumnado?

Non hai dúbida de que un cambio de enfoque, de actitudes, require o desenvolvemento dun novo perfil docente. ¿Está o profesorado disposto a asumir este novo rol? ¿É a atención á diversidade un principio que debe estar presente en toda práctica educativa?

Un grupo de docentes leva traballando dende o curso 96/97 en relación con este tema. Empezouse pola realización de adaptacións curriculares individuais e continuouse tratando aspectos como a planificación e o desenvolvemento do reforzo escolar, a introdución das novas tecnoloxías na atención ás necesidades educativas especiais, a adaptación de textos como unha estratexia de apoio ao alumnado, o apoio educativo, en xeral, o traballo colaborador na atención á diversidade....

Nesta orde de cousas xorde a necesidade de achegármonos á realidade, aproximármonos ao desenvolvemento que na práctica supón atender á diversidade.

Co propósito de indagar na opinión do profesorado nos centros de primaria e secundaria obrigatoria elaborouse un cuestionario a través do que poder tirar a visión dos docentes.

As preguntas do cuestionario estruturáronse nos seguintes apartados:

- Conceptual: co fin de constatar se existe unha nova concepción da escola.
- Realidade educativa: trata de comprobar que este modelo educativo se leva á práctica tal e como se desenvolve na teoría.
- Coordinación e colaboración: tenta constatar que os niveis de coordinación e colaboración non obstaculicen a interacción entre os distintos docentes, departamentos e equipos.

- Nivel organizativo do centro: busca comprobar que a atención á diversidade é unha concepción global do centro e non unha decisión individual de cada profesional.
- Apoios educativos: para ver como se tratan de rendibilizar os apoios.
- Familia e outras estruturas: pretende constatar o nivel de implicación das familias e doutras estruturas alleas á comunidade educativa.
- Innovación e cambio: trata de comprobar se somos conscientes de que se esixe un novo perfil docente e unha preparación para dar resposta aos problemas que se orixinen.

### 3. RESULTADOS


As conclusións extraídas das respostas dadas polo profesorado ás preguntas do cuestionario son as seguintes:

En xeral, concíbese a escola como parte integrante da sociedade. A gran maioría opina que se deben ter en conta as diferenzas, motivacións e intereses dos alumnos e alumnas e que isto (as súas características individuais) son os principios básicos da programación de tarefas diarias.


Coñécense as medidas contempladas na LOXSE para atender a diversidade do alumnado. Hai acordo en aplicar esas medidas (reforzamento educativo e adaptación curricular), pero hai diversidade de opinións á hora de tomar a decisión de realizar un tipo de programa ou outro.

Considérase que unha A.C.I. non se debe aplicar cando o alumnado acadara os obxectivos mínimos, aínda que necesite unha atención individualizada por parte do profesor (76%).


1. En canto aos que superan os obxectivos de ciclo:




2. Os que non acadan os obxectivos de ciclo:



- A pesar de coñecer esas medidas de atención á diversidade, un 79% considera que lle resulta difícil levalas á práctica e un 85% que falta preparación.
- Un 95% pensa que o importante é que cada alumno/a progrese dentro das súas posibilidades.
- Combátase o fracaso escolar aplicando o reforzo educativo maioritariamente e elaborando A.C.I. dunha maneira excepcional.
- No claustro de profesores non existe unha resposta común aos problemas que suscita este modelo educativo (56%).
- A heteroxeneidade nas aulas segue considerándose un problema (37%).
- En canto á coordinación e colaboración entre o profesorado reflíctese o seguinte:



- Admítese que a atención á diversidade é, ou debe ser, tarefa de todos, isto é, un deseño global do centro en canto a que exista unha acción conxunta e planificada.
- Segue sendo o profesor de apoio o que atende os alumnos con N.E.E. (49%) fóra da aula ordinaria (64%).
- No apartado de apoios educativos, comézase por admitir que os alumnos e alumnas que presentan N.E.E. deben estar gran parte do seu horario na aula ordinaria (62%) e nun 65% dos casos planifícase o traballo con antelación, para poñer en práctica unha atención á diversidade eficaz e concreta.
- Danse tres formas de realizar os apoios:



- Estase de acordo en que o modelo educativo de atención á diversidade require un novo perfil docente.
- Ao mesmo tempo, este modelo obríganos a cambios importantes na práctica pedagóxica do profesorado.
- Non se consideran suficientemente preparados para afrontar eses cambios relativos á súa posta en práctica (58%).
- A integración do alumnado con N.E.E. representa un enriquecemento para a vida escolar (81%) e incide na mellora da calidade educativa (74%), pero esta integración crea problemas nas aulas (38%).

#### **4. COMO RESPONDE A LOCE ÁS EXPECTATIVAS DOS DOCENTES**

Podería dicirse que a LOCE propón un tratamento diversificado do alumnado en xeral, é dicir, respectaranse os distintos ritmos de aprendizaxe dos nenos, asegurando a adquisición de contidos para pasar a cursos superiores; se ben contempla que a atención á diversidade do alumnado depende non só da lexislación, senón tamén da implicación da comunidade educativa, da dotación material e humana e, sobre todo, da formación continuada dos docentes para afrontar este reto.

Aínda seguen sen resposta moitas das inquietudes do profesorado en relación coa atención á diversidade:

- A ratio profesor–alumno ao contar cun alumno de integración na aula.
- A compensación de desigualdades quedará só no papel.
- A formación das familias en canto a colaboración co profesorado.
- A integración real nas aulas do alumnado con N.E.E.
- A identificación da aula de apoio con fracaso escolar.
- A lentitude de diagnóstico dos equipos específicos.
- Departamento de orientación: “un caixón de xastre”. Demasiadas funcións nunha soa persoa.
- A saída profesional ou ocupacional do alumnado con deficiencias.

En todo caso, vexamos unha escolma de textos nos que a LOCE responde ás expectativas dos docentes:

“A propia diversidade do alumnado aconsella unha certa variedade de traxectorias; pero, de acordo coa lei, é responsabilidade dos poderes públicos que calquera deles estea igualmente aberta ao futuro, lles asegure a todos a adquisición de competencias cualificadoras, para as posteriores etapas educativas, formativas ou laborais e garanta unha calidade equivalente dos diferentes procesos formativos.” (Disposicións xerais/ Exposicións de motivos, p. 45.190)

“Da atención a alumnos con necesidades educativas específicas.”

“Coa denominación de necesidades educativas específicas, a lei préstalles especial atención aos alumnos estranxeiros, aos superdotados intelctualmente e aos alumnos con necesidades educativas especiais, ben pola presenza dunha ou varias discapacidades ou por outros factores de análogos efectos, establecendo un marco xeral que lles permita ás administracións educativas garantir en todos os casos unha adecuada resposta educativa ás circunstancias e necesidades que nestes alumnos concorren.” (Disposicións xerais/ Exposicións de motivos, p. 45.191)

Así mesmo, dedica o capítulo VII á atención aos alumnos con necesidades educativas específicas, apuntando o seguinte:

Neste sentido, o artigo 45 dedícase á valoración das necesidades nos seguintes termos:

“Os alumnos que presentan necesidades educativas especiais serán escolarizados en función das súas características:

- En grupos ordinarios.
- En aulas especializadas en centros ordinarios.
- En centros de educación especial o en escolarización combinada...” (p. 45.201, sección 4º, “Dos alumnos con necesidades educativas especiais.”).

Continúa co artigo 46 dedicado á escolarización:

“Esta escolarización comezará e finalizará coas idades establecidas con carácter xeral para o nivel e a etapa correspondente, aínda que excepcionalmente poderá autorizarse a flexibilización do período no ensino obrigatorio. O límite será ata os 21 anos. A escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais incluírá tamén a orientación aos pais.” (p. 45.201, sección 4º, “Dos alumnos con necesidades educativas especiais.”).

No artigo 47 fai referencia aos recursos dos centros

“As administracións educativas:

- Dotarán os centros sostidos con fondos públicos de persoal especializado e dos recursos necesarios.
- Poderán establecer acordos de colaboración con outras administracións ou entidades públicas ou privadas para facilitar a incorporación aos centros dos devanditos alumnos... Promoverán programas para eliminar as barreiras dos centros escolares.” (p. 45.201, sección 4º, “Dos alumnos con necesidades educativas especiais.”).

Por outra banda, o capítulo 5 (“Da educación secundaria”) desta lei fai referencia ás medidas de reforzo e apoio:

Punto 1:

“Coa finalidade de facilitar que todos os alumnos alcancen os obxectivos desta etapa, as administracións educativas establecerán en 1º e 2º medidas de reforzo educativo dirixidas aos alumnos que presenten dificultades xeneralizadas de aprendizaxe nos aspectos básicos e instrumentais do currículo.”

Punto 2:

“As medidas de reforzo serán promovidas polo equipo de avaliación.... a aplicación individual das medidas revisarase periodicamente e, en todo caso, ao finalizar o curso académico.”



Punto 3:

“As administracións educativas poderán ofrecer outras medidas de apoio, no marco establecido nos artigos 9 e 10 (elixir itinerarios apropiados ao tipo de necesidade educativa que presenta), para que os alumnos alcancen os obxectivos da etapa e a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.” (artigo 25, “Medidas de reforzo e apoio”, p. 45.197).

## 5. AS PROPOSTAS DA LOCE E A REALIDADE DAS AULAS

A maioría do profesorado opina que a LOCE é unha lei que se aprobou por imperativo, pero que non se someteu a debate nin se buscou o consenso, co cal é unha lei que custa asumir por parte dos profesionais que exercen a súa práctica día a día nas aulas dos centros escolares.

Neste sentido faise necesario “pór sobre a mesa” as seguintes cuestións:

- ¿Como garantir en todos os casos unha axeitada resposta educativa ás circunstancias e necesidades que concorren nestes alumnos e alumnas?
- ¿Como se van organizar as aulas especializadas en centros ordinarios?
- ¿Como poñer en marcha a escolarización combinada en centros ordinarios e centros de educación especial?
- ¿Dotaranse os centros sostidos con fondos públicos de persoal especializado e recursos necesarios? ¿Cando se promoverán programas para eliminar as barreiras dos centros escolares?
- ¿Será unha realidade a aplicación de medidas de reforzo educativo dirixidas aos alumnos e alumnas que presenten dificultades xeneralizadas de aprendizaxe nos aspectos básicos e instrumentais do currículo?
- ¿As administracións dotarán dos apoios necesarios ao alumnado con necesidades específicas para que poidan acadar os obxectivos establecidos con carácter xeral?

## 6. BIBLIOGRAFÍA

LOCE (Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, BOE do 24 de decembro de 2002, 45.188- 45.220).

Data de aceptación definitiva: 17/01/05